



Teaching Guide

Identifying Data					2019/20
Subject (*)	Teaching Galician History and Geography		Code	652G02040	
Study programme	Grao en Educación Primaria				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	2nd four-month period	Fourth	Optional	4.5	
Language	Galician				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación				
Coordinador	Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán	E-mail	uxio.breogan.dieguez.cequiel@udc.es		
Lecturers	Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán	E-mail	uxio.breogan.dieguez.cequiel@udc.es		
Web					
General description	<p>A materia está orientada ao traballo experimental, activo e vivencial, de cara a descubrir e comprender o medio galego, como un recurso didáctico e como unha fonte versátil de aprendizaxe. Preténdese que o alumnado coñeza, deseñe e experimente con recursos, ferramentas e materiais didácticos que lle sexan de utilidade para a súa formación e para a aplicación no currículo de Educación Primaria.</p> <p>Preténdese fomentar a creatividade e a autonomía.</p> <p>Ensáíase, de maneira experimental, a metodoloxía de traballo por proxectos e centros de interese. Así, a materia vana definindo a propia dinámica do curso e os centros de interese do alumnado, polo que se trata dun programa flexible e aberto.</p> <p>Realízanse actividades interdisciplinares, obradoiros, saídas culturais, construción activa de temas, etc.</p>				

Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A4	Identificar dificultades de aprendizaxe, informais e colaborar no seu tratamento.
A5	Coñecer as propostas e desenvolvementos actuais baseado na aprendizaxe de competencias.
A14	Promover accións de educación en valores orientadas á preparación dunha cidadanía activa e democrática.
A16	Deseñar, planificar e avaliar a actividade docente e a aprendizaxe na aula.
A17	Coñecer e aplicar experiencias innovadoras en educación primaria.
A31	Comprender os principios básicos das ciencias sociais.
A32	Coñecer o currículo escolar das ciencias sociais.
A33	Integrar o estudo histórico e xeográfico desde unha orientación instrutiva e cultural.
A34	Fomentar a educación democrática da cidadanía e a práctica do pensamento social crítico.
A35	Valorar a relevancia das institucións públicas e privadas para a convivencia pacífica entre os pobos.
A36	Coñecer o feito relixioso ao longo da historia e a súa relación coa cultura.
A37	Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B8	Capacidade para elaborar discursos coherentes e organizados lóxicamente.
B9	Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e na escrita.
B13	Lectura e interpretación de imaxes.
B14	Capacidade para traballar en equipo de forma cooperativa, para organizar e planificar o traballo, tomando decisións e resolvendo problemas, tanto de forma conxunta como individual.



B15	Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información.
B21	CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B22	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B23	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B24	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B25	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences / results		
Recoñecer no entorno xeográfico, histórico e cultural galego aqueles recursos metodolóxicos e didácticos mais axeitados para traballar a área do entorno social e cultural galego.		B1 B3 B13 B15 B21 B23	
Deseñar propostas didácticas sobre o contorno galego dende as perspectivas xeográfica, histórica e/ou cultural, de maneira interrelacionada.	A4 A5 A16 A17 A32 A37	B4 B5 B8 B9 B14 B22 B24	C1 C8
Coñecer e comprender algúns temas e momentos principais da evolución histórica de Galicia e a súa relación coa didáctica na Educación Primaria.	A31 A32 A33 A34		
Coñecer e analizar os contidos referidos ao coñecemento do contorno do currículo de Educación Primaria: a realidade xeográfica, histórica, social e cultural de Galicia como un espazo dinámico.	A32 A33 A36	B25	
Fomentar actitudes de valoración, respecto e conservación do patrimonio natural, cultural e histórico de Galicia	A14 A34 A35	B6	C4 C7

Contents



Topic	Sub-topic
Unidade 1: Introducción. O medio histórico e xeográfico nas ciencias sociais: campo de coñecemento e formulación interdisciplinar.	<ul style="list-style-type: none"> - Fundamentos da materia: que obxectivos nos marcamos? cales son os centros de interese?. - A interdisciplinidade e o traballo por proxectos na didáctica do medio xeográfico e histórico de Galicia nas estratexias metodolóxicas e recursos didácticos das ciencias sociais. Coñecemento, deseño e avaliación de proxectos innovadores na didáctica das ciencias sociais aplicados ao medio cultural galego. - A avaliación dos coñecementos sociais, obxectivos e medios. As finalidades educativas das ciencias sociais: formación do pensamento social, educación democrática e aprendizaxe de actitudes e valores nunha sociedade multicultural. - O medio cultural e o curriculum escolar da área de ciencias sociais da Xunta de Galicia.
Unidade 2. Temas de xeografía física e humana.	<ul style="list-style-type: none"> - Ensino e aprendizaxe da xeografía, a construción do concepto de espazo xeográfico. - O clima, o relevo, acción humana no medio, etc. - Recursos didácticos para traballar a xeografía de Galicia.
Unidade 3. Paisaxes naturais, históricas e culturais.	<ul style="list-style-type: none"> - Que é a paisaxe? - Iniciación á recolleita de información sobre a paisaxe a partir de imaxes, restos e reconstrucións arqueolóxicas, obras de arte e textos escritos. - Observacións e análise de paisaxes naturais, históricas e culturais. - O patrimonio xeográfico e histórico de Galicia na área do coñecemento do medio social e cultural. - As fontes de información e documentación no entorno.
Unidade 4. Evolución dende os primeiros poboadores de Galicia e as súas relacións noutros contextos universais.	<ul style="list-style-type: none"> - Construindo a prehistoria e historia de Galicia a través de períodos e temáticas seleccionadas para o ensino aprendizaxe da historia, a construción do concepto de tempo histórico e outros conceptos sociais. - A arte e outras manifestacións da comunicación e da creatividade. As manifestacións artísticas e culturais e o seu significado social. - As manifestacións culturais tradicionais traballadas dende o patrimonio material e inmaterial.
Unidade 5. Temas monográficos.	<ul style="list-style-type: none"> - Temas monográficos no discurso da historia e recursos para a didáctica. Nesta unidade traballaranse tópicos concretos que ao longo do curso vaian xurdindo, en base aos centros de interese do alumnado.

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student's personal work hours	Total hours
Introductory activities	A4 B1	2	0	2
Collaborative learning	B5	3	9	12
Events academic / information	A17 B6	1	3.3	4.3
Field trip	A33 A34 A35 B1 C4 C7	6	21	27
Objective test	A31 A32 B3 B13	1	3	4
Workshop	A14 A16 A37 B3 B4 B5 B8 B9 B14 B15 B24 B25 C1 C8	12	43.2	55.2



Guest lecture / keynote speech	A5 A31 A32 A33 A36 B21 B22 B23	6	0	6
Personalized attention		2	0	2
(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.				

Methodologies	
Methodologies	Description
Introductory activities	Periodica e sistematicamente faranse debates e discusións de ideas previas sobre a motivación, interese e coñecementos con respecto á planificación e desenvolvemento da materia.
Collaborative learning	Organización en pequenos grupos para traballar conxuntamente na resolución de tarefas sobre temas que xordan da dinámica da propia materia e temas propostos pola profesora.
Events academic / information	Realizarase algunha actividade tipo encontro, conferencia, charla, pequeno curso nas que o alumnado terá a oportunidade de actualizar os seus coñecementos e coñecer experiencias relacionadas co ámbito da materia.
Field trip	Estas actividades permiten desenvolver as capacidades relacionadas coa observación directa cara á recollida de información do medio xeográfico e histórico galego para a percepción do seu potencial educativo e formador. Son saídas concibidas para o coñecemento do medio cultural no seu máis amplo ámbito, por medio da aprendizaxe directa. As saídas poderán ser a contornos naturais de interese xeográfico, exposicións, museos, xacementos e centros do patrimonio, e teranse en conta as posibilidades e oportunidade para a súa realización.
Objective test	Ao ser unha materia de marcado carácter experimental, didáctico e de traballo colaborativo, realizarase un exercicio simple para que cada alumna/o responda de maneira individual a cuestións traballadas.
Workshop	Están concebidos como ensaios de experimentación de traballo por proxectos. Dado o carácter didáctico da materia, os obradoiros son de grande interese e son o núcleo central. Materialízanse en debates, exposicións, etc., deseñados e desenvolvidos polo alumnado guiado pola profesora.
Guest lecture / keynote speech	As explicacións teóricas referiranse ós contidos básicos que forman a estrutura de cada tema, cunha orientación didáctica principalmente. Realizarase co apoio de documentación específica e terá especial incidencia na metodoloxía e na práctica para a didáctica do medio histórico e xeográfico.

Personalized attention	
Methodologies	Description
Collaborative learning Workshop	O traballo colaborativo e os obradoiros terán un seguimento personalizado para garantir o cumprimento dos obxectivos e prazos así como para resolver dúbidas. Ademais, o alumnado que se acolla á dispensa académica terá o dereito e a obrigatoriedade dun mínimo de 3 titorías presenciais para facer un seguimento dos seus traballos de curso.

Assessment			
Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Collaborative learning	B5	Ao longo do curso realizaranse actividades e traballos que serán avaliados como grupo e individualmente.	30
Objective test	A31 A32 B3 B13	Ao ser unha materia flexible que se vai construíndo segundo os centros de interese do alumnado guiado pola profesora, e de marcado carácter experimental, esta proba é un exercicio simple a modo de resumo individual do traballado durante o curso.	10
Workshop	A14 A16 A37 B3 B4 B5 B8 B9 B14 B15 B24 B25 C1 C8	O deseño, planificación e desenvolvemento dos obradoiros requiren unha participación activa do alumnado. Valorarase a actitude, dedicación, implicación e creatividade.	40
Field trip	A33 A34 A35 B1 C4 C7	A asistencia será obrigatoria e puntuará a participación activa, así como nas tarefas previas e posteriores ás mesmas.	20
Others			



Assessment comments

Terase en conta a participación activa e dedicación, ademais da adquisición dos coñecementos propios da materia.

O

alumnado que non chegue a unha asistencia do 80%, será avaliado coas mesmas metodoloxías e criterios que o alumnado matriculado a tempo parcial

Ao tratarse dunha materia de marcado carácter práctico e vivencial non se aconsella ao alumnado con matrícula a tempo parcial. Así e todo, o alumnado que se acolla a tempo parcial, deberá realizar un traballo de curso individual e a proba obxectiva, sendo cualificados nun 50% cada unha destas metodoloxías. Para acollerse a esta modalidade, é condición necesaria asistir a titorías (mínimo 3) para facer un seguimento directo da construción do traballo de curso.

Sources of information

Basic	<ul style="list-style-type: none"> - AA.VV. ((1991-2008)). Galicia. Proxecto Hércules.. A Coruña: Hércules Editorial. - Cooper, H. ((2002)). Didáctica de la historia en la enseñanza infantil y primaria. Madrid: MEC-Morata - Armas Castro, X. coord. ((2002)). Ensinar Historia de Galicia.. Santiago: ICE - Pérez Alberti, A. ((2008)). Espacios naturales de Galicia.. Lundberg - AA.VV. ((1999)). Atlas histórico de Galicia.. Vigo: Nigra Trea - Pazo Labrador, A. X. ((2007)). Nocións básicas de xeografía xeral física para mestres: as consecuencias xeográficas dos procesos naturais.. Vigo: Universidade - Méndez Fernández, L. ((2000)). Por que se chama así este sitio. Santiago: Lea - Castro, X. ((2007)). Historia da vida cotiá en Galicia. Vigo: NigraTrea - Andrade Cernadas, J.M. ((1995)). Didáctica de la Hª de Galicia. Tosoxoutos - Aldrey Vázquez, J.A., Lois González, R.C. ((2010)). Breve Xeografía de Galicia. Vigo: A Nosa Terra - Carballo, X. ((2007)). Arqueoloxía de Galicia. Itinerarios polo pasado.. Vigo: Nigra Trea - Villares, R. ((2004)). Historia de Galicia.. Vigo: Galaxia - Rodríguez Troncoso, M. ((2005)). Historia dunha aldea galega. Coas mans encol do lume.. Vigo: Ir Indo - Villares, R., Armas, J., et al ((1990)). Historia de Galicia. Textos y materiales para su historia.. Barcelona: Crítica - Mariño, X.R. & González, X.M. ((2010)). Diccionario de etnografía e antropoloxía de Galiza.. Vigo: Nigratrea. - Egan, K. ((1991)). La comprensión de la realidad en la educación infantil y primaria.. Madrid: Morata - Egan, K. (2010). Learning in depth.. Chicago: The University of Chicago Press - Piñeira Mantiñán, M.J, e Santos Solla, X.M. (2011). Xeografía de Galicia.. Vigo: Xerais <p>Segundo avance o curso e traballando dende os centros de interese e realizando saídas e outras actividades, iranse proporcionando outras fontes de información, ademais das bibliográficas que se irán incrementando.</p>
Complementary	

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

 Trátase dunha materia que se realizará principalmente cunha metodoloxía activa, na que a propia dinámica do curso irá sinalando os centros de interese do alumnado e, en base a estes, iranse concretando temáticas e actividades a realizar. Así, é necesaria a asistencia e participación activa tanto nas sesións maxistras

como nas sesións interactivas e en todas as actividades desenvolvidas no contexto da materia.



(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.